



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN P R O M O C I O N A



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA: PLANS DE FORMACIÓN ESPECÍFICOS PARA COMBATER A SEGREGACIÓN VERTICAL, DO PROXECTO "EQUAL" "CONTA CON ELAS" DA A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO, FINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Con data 17 de novembro de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aproba o Proxecto denominado Conta con Elas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV), cun montante económico total de 2.713.499,84 euros, no marco da Iniciativa Comunitaria "Equal" (2ª convocatoria) e financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo. Este Proxecto enmárcase no Piar IV: Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres na área temática de segregación no mercado de traballo.

En marzo de 2005 constitúese formalmente a "Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo", agrupación que é responsable e máxima executora da boa e correcta realización das accións planificadas no Proxecto Conta con Elas, sendo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo o organismo público responsable. O Proxecto Conta con Elas desenvolverá accións directas no territorio da Mancomunidade dende agosto de 2005 ata decembro de 2007.

A Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), organización empresarial máis representativa da provincia de Pontevedra, participa como entidade socia da A.D. Área Metropolitana de Vigo, comprometéndose a executar parte das accións do Proxecto. Unha das accións que lle corresponde levar a cabo é a denominada "PROMOCIONA", que conta coas axudas que se regulan nestas bases:

1.- Obxecto e finalidade

O obxecto é a convocatoria de 30 axudas para empresas destinadas á formación coa finalidade de incentivar o ascenso promocional da muller traballadora no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV).

Esta formación pode ser tanto interna, efectuada dentro da empresa e levada a cabo por persoas que estean capacitadas para impartila, como externa, coa posibilidade de contratar ou subcontratar a devandita formación.

Considérase ascenso ou promoción profesional todo cambio de categoría, grupo profesional ou funcións segundo o Convenio Colectivo, que supoña un incremento de salario base consolidable.

2.- Acción subvencionable

A actividade que se subvenciona é a formación á medida impartida en 30 empresas para promover profesionalmente a mulleres traballadoras que desenvolvan o seu labor no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, cun límite máximo de 2.300 euros por empresa.

O obxectivo desta formación é a promoción ou ascenso promocional e deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que o ascenso sexa motivado pola obtención de formación da traballadora.
- Que o ascenso se produza en empresas e por parte de traballadoras situadas en centros de traballo situados no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- Que non exista interrupción temporal entre os contratos.
- Que se produza un incremento salarial como consecuencia do cambio de categoría, grupo profesional ou funcións.
- A empresa e a traballadora formarán parte da base de datos do Proxecto Conta con Elas.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA

3.- Beneficiarias

- a) Poderán ser beneficiarias as empresas que realicen a formación establecida no apartado anterior e desenvolvan a súa actividade empresarial no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- b) Non poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.- Obrigas das empresas beneficiarias

Son obrigas das empresas beneficiarias, nos termos do artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
2. Xustificar ante a Confederación de Empresarios de Pontevedra, entidade responsable desta acción dentro do Proxecto Conta con Elas da MAIV, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade formativa e o cumprimento da actividade que determine a concesión ou goce da axuda.
3. Custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas ás que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición do Proxecto Conta con Elas da MAIV.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectúen no proxecto Conta con Elas, así como calquera outra de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicar ó Proxecto Conta con Elas da MAIV a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
6. Acreditar que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á empresa beneficiaria en cada caso.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e en todo caso durante un período mínimo de 6 anos dende a liquidación da subvención.
9. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. Obter o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitarlles a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa aplicable, en tódolos supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban obter, tratar e comunicar ó Proxecto Conta con Elas da MAIV datos persoais de terceiras persoas.
12. Manter o ascenso ou promoción profesional da traballadora obxecto da subvención durante un período mínimo de 1 ano.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA

5.- Gasto subvencionable

O gasto subvencionable coa presente axuda é a formación á medida impartida en 30 empresas, para promover profesionalmente a mulleres traballadoras do territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, cun límite máximo de 2.300 euros por empresa.

A formación pode ser tanto interna, é dicir, que se realiza dentro da empresa, como externa.

No caso de que a formación sexa interna terá unha duración mínima de 150 horas e aboaránselle á empresa, trala debida xustificación da acción, 2.300 euros. Imputaranse na nómina da persoa formadora as horas da formación impartida.

No caso de que a formación sexa externa, unha vez xustificada con facturas e no suposto de que este custo fose maior a 2.300 euros, aboaránselle á empresa o importe máximo da axuda (2.300 euros). Cando o custo da formación sexa inferior a 2.300 euros, ha aboárselle o custo total da mesma, sempre que conxuntamente con outras axudas non superen o 100% do seu custo.

No suposto de que a formación sexa grupal, determinarase o custo individual da traballadora ou traballadoras que a reciban e que vaian promover.

Este gasto poderá realizarse na primeira convocatoria dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 30 de marzo de 2007, ámbalas dúas datas incluídas; e dende o 1 de xaneiro de 2006 ata o 30 de xullo de 2007 na segunda convocatoria. As empresas que participen na primeira convocatoria poderán participar na segunda no suposto de que non se lle concedese a axuda na primeira.

6.- Forma e prazo de presentación de solicitudes

O prazo comezará a contar ó día seguinte ó que apareza publicada a CONVOCATORIA por vez primeira nun dos diarios de maior tirada na MAIV.

1ª Convocatoria

O prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 30 de novembro de 2006, inclusive.

2ª Convocatoria

O prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 30 de marzo de 2007, inclusive.

As solicitudes presentaranse por correo certificado dirixido á Confederación de Empresarios de Pontevedra (Axudas Promociona) situada na Avda. García Barbón, nº 104, 1ª Planta, 36201 Vigo.

As solicitudes tamén se poden presentar persoalmente na Confederación de Empresarios de Pontevedra quedando constancia da súa presentación co rexistro de entrada.

7- Acreditación de requisitos e documentación

Ás solicitudes hai que acompañar a seguinte documentación:

- Declaración do conxunto de tódalas solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo concepto de axuda polas distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.
- NIF do/a empresario/a cando sexa persoa física ou CIF cando sexa persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- NIF da/s traballadora/s para a que se solicita a formación

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA

- d) Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- e) Certificación de Facenda da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- f) Certificación de Facenda (Xunta) da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- g) Modelos de cotización da Seguridade Social (TC2).
- h) Contrato de traballo da muller que se vai promover.
- i) Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde se vaia realizar o ingreso.
- l) Memoria da formación que se vai impartir, na que se ha especificar:
 - Obxectivo da acción formativa
 - Se é formación interna ou externa
 - Número de persoas ás que vai dirixida
 - Número de horas da formación
 - Entidade ou persoa que vai impartir a formación
 - Breve resumo da capacitación da persoa ou do centro para impartir esa formación
 - Calendario da acción formativa
 - Custo previsto da acción formativa
 - Conceptos de gasto e documentos cos que se vai acreditar e xustificar.
- m) Breve descrición do posto actual da traballadora e do posto obxectivo da promoción.

8.- Criterios para a concesión da axuda

Consideraranse criterios preferentes, segundo o seguinte baremo:

1. Empresas ás que se lles estea realizando ou se lles realizase dende o Proxecto Conta con Elas o MIDE (Medidas de Igualdade dentro das Empresas): 15 puntos
2. Ascenso a postos especialmente masculinizados: 10 puntos
3. Número de mulleres traballadoras ás que se quere promover: 15 puntos
4. Acceso a profesións ou oficios nos que se considera que as mulleres están subrepresentadas tendo en conta o sistema de Clasificación Nacional de Ocupacións: 10 puntos
5. Empresas pertencentes a sectores masculinizados: 10 puntos
6. Ascenso a postos de responsabilidade e/ou posibilidade de toma de decisión dentro da empresa: 15 puntos
7. Transformación de contrato temporal en contrato indefinido: 10 puntos
8. Tamaño da empresa:
 - Microempresas (menos de 10 persoas traballadoras): 5 puntos
 - Pequena empresa (de 10 a 49 persoas traballadoras): 3 puntos
 - Mediana empresa (de 50 a 249 persoas traballadoras): 2 puntos
 - Grande empresa: 0 puntos
9. Achega económica da empresa en relación co custo total do proxecto: 5 puntos
10. Realización da acción formativa dentro do horario laboral: 5 puntos

A puntuación máxima que pode acadar unha empresa é de 100 puntos.

O prazo máximo de resolución de solicitudes de cada convocatoria será de un mes a partir do último día de presentación de solicitudes. A Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), como entidade socia do Proxecto Conta con Elas e responsable da acción "PROMOCIONA", aboará a formación unha vez xustificada convenientemente a súa realización e o ascenso profesional da traballadora ou traballadoras da empresa segundo os apartados 11 e 12.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN PROMOCIONA

9.-Comité de selección

Crearase un comité de selección que ha asumir a competencia da ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da resolución. O citado comité vai estar formado pola xerente do Proxecto Conta con Elas ou a persoa en quen delegue, pola coordinadora de actividades empresariais ou persoa en quen delegue do proxecto Conta con Elas da MAIV e por outra persoa da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP). Poderá nomearse a unha persoa suplente por cada titular para que o/a substitúa no suposto da ausencia destas. O comité reunirase as veces que considere oportunas e obrigatoriamente unha vez cada tres meses.

A forma de selección das empresas ha efectuarse en réxime de concorrencia competitiva para cada convocatoria separadamente.

No momento en que se seleccione a unha empresa para participar na acción "PROMOCIONA" comunicarásele por escrito nun prazo máximo de 10 días dende a resolución do comité de selección. A empresa comunicará ó Proxecto Conta con Elas mediante documento anexo nun prazo máximo de 10 días a contar dende o seguinte á recepción da comunicación, a aceptación ou renuncia a participar na acción "PROMOCIONA".

10.- Contía da axuda

A axuda está destinada á formación á medida nas empresas coa finalidade de promover profesionalmente a mulleres traballadoras do territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, cun límite máximo de 2.300 euros por empresa.

A suma total das contías de tódalas axudas percibidas por este concepto das distintas entidades públicas ou privadas e/ou administracións non pode superar o 100% do gasto.

11.- Xustificación

Xustificarse a actividade coa presentación da seguinte documentación:

- Modelos de cotización da Seguridade Social (TC2) da empresa do mes no que se promoveu á traballadora ou traballadoras.
- Modelo TA/2 de comunicación á Seguridade Social no caso de que exista variación de datos polo cambio do grupo de cotización.
- Convenio colectivo aplicable ó posto de traballo da muller promovida ou ascendida.
- Memoria da formación realizada trala que se produce o ascenso.
- Xustificantes de gasto ou documentos con validez xurídica que permitan acreditar os gastos realizados na execución da formación.
- Acreditación por parte da empresa do cambio de funcións.

12.- Forma de pagamento

O pagamento da axuda farase mediante transferencia bancaria que realizará a Confederación de Empresarios de Pontevedra como entidade socia do Proxecto Conta con Elas e responsable da acción "PROMOCIONA", trala xustificación por parte da empresa beneficiaria da realización da acción de formación e do ascenso promocional da traballadora e do cumprimento das accións impostas na concesión.

O prazo para xustificar os gastos remata:

- Para a primeira convocatoria o 16 de abril de 2007, inclusive.
- Para a segunda convocatoria o 13 de agosto de 2007, inclusive.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN P R O M O C I O N A

13. Financiamento e compatibilidade con outras axudas

A concesión desta axuda será compatible coa percepción doutras axudas e/ou subvencións procedentes de calquera administración ou Entes Públicos ou Privados, nacionais ou internacionais, sempre que o seu importe sexa de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións, non supere o custo da actividade.

14.- Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria é a seguinte: as normas comunitarias aplicables, as normas nacionais de desenvolvemento ou trasposición daquelas; a lexislación básica do estado: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con carácter supletorio á lexislación estatal non básica, á normativa autonómica e demais normas que poidan ser de aplicación.



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
P R O M O C I O N ASOLICITUDE DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PLANES ESPECIFICOS PARA
COMBATER A SEGREGACIÓN VERTICAL “PROMOCIONA”

D/Dª [redacted] con D.N.I. [redacted]

en nome e representación da empresa [redacted]

con CIF [redacted]

solicita a concesión da axuda (“PROMOCIONA”), que ten como obxecto a realización de plans específicos para combater a segregación vertical), convocada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA no marco do Proxecto Conta con Elas e declara baixo a súa responsabilidade que todos os datos facilitados que acompañan a esta solicitude son certos, segundo o disposto na presente convocatoria, polo que se compromete a:

1. Achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación.
2. Cumprir cos requisitos de compromiso e aceptar, no seu caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas.

Ademais, xunta a seguinte documentación:

- ☐ Datos da empresa (anexo 1)
- ☐ Declaración do conxunto de tódalas solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas ou por calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo 2)
- ☐ NIF do empresario ou empresaria cando sexa persoa física ou CIF cando se trate de persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- ☐ NIF da/s traballadora/s para a que se solicita a formación
- ☐ Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Certificación de Facenda da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Certificación de Facenda (Xunta) da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Modelos de cotización da Seguridade Social (TC2).
- ☐ Contrato de traballo da muller que se vai promover.
- ☐ Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde realizar o ingreso (anexo 3)
- ☐ Memoria da formación que se vai realizar (anexo 4)
- ☐ Breve descrición do posto actual da traballadora e do posto obxectivo da promoción (anexo 5)

Sinatura da/do solicitante

Vigo, a [redacted] de [redacted] de 200 [redacted]

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN P R O M O C I O N A

ANEXO 1: DATOS EMPRESA

Nome

CIF

Nº Inscripción Seg. Soc.

SECTOR Actividade

CNAE

Localidade Provincia

Enderezo C.P.

Teléfono Fax

E-mail Páxina web

Nome da persoa de contacto

Cargo

Teléfono E-mail

Tamaño da empresa:

- ☐ Microempresa (menos de 10 persoas traballadoras)
- ☐ Pequena empresa (de 10 a 49 persoas traballadoras)
- ☐ Mediana empresa (de 50 a 249 persoas traballadoras)
- ☐ Gran empresa (máis de 250 persoas traballadoras)

Sector masculinizado:

- ☐ Si
- ☐ Non

Porcentaxe de mulleres na empresa

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
P R O M O C I O N A

ANEXO 2: DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO CONCEPTO

D/D^a
con DNI
en nome e representación da empresa
con CIF

DECLARA:

- ☐ Que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/es e, no seu caso, foille concedida a seguinte axuda para o mesmo concepto:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	CONTÍA

- ☐ Non ter solicitado nin ter concedida ningunha axuda para o mesmo concepto, por parte das distintas administracións públicas, ente, organismo ou sociedade públicas ou privadas.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
P R O M O C I O N A

ANEXO 3: FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

Titular da conta DNI/NIF
Enderezo
Localidade Código Postal
Teléfono

DATOS DA CONTA

CÓDIGO ENTIDADE CÓDIGO SUCURSAL D.C. CÓDIGO DA CONTA

Entidade financeira
Enderezo
Localidade Código Postal

CERTIFICO:

Que os datos especificados arriba son correctos e corresponden ó título e número de conta.

En Vigo a de de 200

Sinatura da/do solicitante

Sinatura e selo da entidade

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN P R O M O C I O N A

ANEXO 4: MEMORIA DA FORMACIÓN DA/S TRABALLADORA/S

OBJECTIVO

FORMACIÓN

- ☐ Interna
- ☐ Externa

CENTRO ONDE SE VAI IMPARTIR A FORMACIÓN

NÚMERO DE TRABALLADORAS QUE SE QUERE PROMOCIONAR

Nº DE HORAS

ENTIDADE E/OU PERSOA QUE VAI IMPARTIR A FORMACIÓN

BREVE RESUMO DA CAPACITACIÓN DA PERSOA OU DO CENTRO IMPARTIDOR

CALENDARIO DA ACCIÓN

DATAS

HORARIO

- ☐ Fóra do horario laboral da/s traballadora/s
- ☐ Dentro do horario laboral da/s traballadora/s

CUSTO TOTAL DA ACCIÓN FORMATIVA

CONCEPTOS DE GASTO E MODO DOCUMENTAL NO QUE SE VAI ACREDITAR E /OU XUSTIFICAR O GASTO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN
P R O M O C I O N A

ANEXO 5: BREVE DESCRICIÓN DA PROMOCIÓN

DATOS DA/S TRABALLADORA/S

Nome e Apelidos

N.I.F.

POSTO ACTUAL

Cargo ou posto

¿É masculinizado*?

☐

SI

☐

NON

Breve descrición das funcións do posto

Modalidade de contrato

*profesións ou oficios nos que se considera que as mulleres están subrepresentadas segundo a Clasificación Nacional de Ocupacións.

POSTO OBXECTO DA PROMOCIÓN

Posto de traballo ó que vai ascender, ¿é masculinizado?

¿Ten persoas ó seu mando?

¿Trátase dun posto de responsabilidade ou que supón toma de decisións?

☐

SI

☐

NON

Breve descrición das funcións do posto

Modalidade de contrato